

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA INCENTIVAR A CONSOLIDACIÓN INVESTIGADORA 2022

No B.O.E. de data 11 de outubro do 2022 publicouse o Extracto de Resolución de 7 de outubro da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria para o ano 2022 das axudas para incentivar a consolidación investigadora, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2021-2023 no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS : 652707

O obxecto desta resolución é a aprobación de concesión de axudas para incentivar a consolidación Investigadora, incluídas no Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e reter talento.

A finalidade destas axudas é fomentar a consolidación da carreira profesional de persoas investigadoras, nacionais e estranxeiras, incentivando a creación de prazas de carácter permanente nas institucións de adscrición e facilitando o inicio ou afianzamento dunha liña de investigación mediante o financiamento dun proxecto propio de I+D+i así como a adecuación e renovación dos espazos e laboratorios e a mellora do equipamento, necesarios para a súa execución.

A contía total máxima de esta convocatoria é de 76.000.000 de euros, que poderá ser incrementada con unha contía adicional de ata 20.000.000 de euros.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **3 de novembro ata o 24 de novembro de 2022 ás 14 horas**(hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución ,ao extracto da resolución e as fichas resumo da convocatoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Convocatoria de
Axudas para
Incentivar a
Consolidación
Investigadora
2022

Extracto
Convocatoria
para Incentivar a
Consolidación
Investigadora
2022

Fichas resumo
Convocatoria de
Axudas para
Incentivar a
Consolidación
Investigadora
2022